

Toponimia de Cabeiro

Cora Represas



CONCELLO DE
REDONDELA

Impresión: Imprenta Amador Pérez.
Deseño e maquetación: David Rodríguez.
Edita: Concello de Redondela.

Dep. Legal: PO119-2022

*O material toponímico da parroquia de Cabeiro
recolleuno a cooperativa redondelá Tres Pés.*

*Este libro publícase grazas á subvención dirixida
aos concellos para as actividades de dinamización
da lingua galega do ano 2021, convocada pola
Deputación de Pontevedra.*



CONCELLO DE
REDONDELA



TOPONIMIA DE CABEIRO



CORA REPRESAS

Prólogo

Galicia é un dos territorios con maior densidade toponímica de Europa. Este dato explícase pola orografía do terreo, o minifundismo e a súa dispersa ocupación humana.

A documentación da microtoponimia, como paso previo para a protección e conservación deste patrimonio inmaterial, é unha urxencia. Hai topónimos antiquísimos, con moitos séculos de existencia, que aínda viven na fala e toman forma na lingua galega.

Por esta causa, o Concello de Redondela deseñou un ambicioso proxecto para cumprir con este fin. Unha das liñas de actuación foi a recollida e publicación en formato libro da microtoponimia parroquia a parroquia. Este é o resultado.

O Concello de Redondela agradece o traballo dos axentes que participaron. Desexamos ter contribuído a salvagardar un anaco da nosa cultura e da nosa memoria popular.

Redondela, 2022

Orográficos

Balada, A

Na súa orixe este topónimo procede, con toda seguridade, de valo ou valado (do latín VALLATU, “paredes que delimita unha propiedade”). En Redondela tamén deu no coñecido topónimo de Os Valos, xa situado preto da vila.

No Catastro de Ensenada (1756) aparece recollido coa forma “A Valada”. O uso do [v] fainos crer que, efectivamente, procede de valo malia que na actualidade se grafe con [b].

Este topónimo debera ser corrixido.

Bragas, As

Este topónimo, malia a súa aparencia, non garda relación coa cidade portuguesa, antiga capital da Gallaecia.

No caso do topónimo redondelá, situado no barrio da Igrexa, posiblemente procede de *bragado*, -a; é dicir, unha terra bragada é aquela de distinta cor que as outras que a rodean.

Cachadas, As

O nome de As Cachadas provén do verbo cachar (*CASCULARE, “romper”). A súa orixe está relacionada coa necesidade orixinada

dende a Alta Idade Media de aumentar as terras que eran destinadas ao cultivo. Deste xeito era necesario rozar ou cachar a vexetación dos montes e matorrais dando lugar ao topónimo **As Cachadas**.

Está situada a seguir do Lugar da Igrexa fronte aos Cochiños. Nunha das súas parcelas localízase a Fonte da Igrexa.

Camiños

No que atinxe á toponimia viaria, o substantivo *camiño* é o máis empregado. A meirande parte deles fórmanse polos lugares que circundan os camiños. No barrio da Igrexa distinguimos: **Camiño das Grañas, Camiño das Coviñas, Camiño das Pereiras, Camiño da Lousa, Camiño do Soldado, Camiño do Monte, Camiño da Igrexa, Camiño das Cerdeiras, Camiño da Melixosa, Camiño da Poza da Agra, Camiño dos Covelos, Camiño do Soutiño, Camiño dos Canos, Camiño das Fenteiras, Camiño dos Lagos, Camiño do Pío, Camiño do Tombo de Miguel (según Amante) e Camiño da Quiringosta.**

Este último é interesante dada a repetición do concepto *camiño*. Segundo Gonzalo Navaza *quirincosta* (ou *quiringosta*) é unha variante de *congostra*, que está presente no galego suroccidental. Deriva do latín CO-ANGUSTAM (“estreito”). Xa que logo, as *quirincostas* son camiños de carro angostos que discorren entre valados, ou ben afundidos no terreo, por efecto do paso dos carros durante moitos anos.

No barrio de Porto Cabeiro atopamos: **Camiño da Carrasqueira, Camiño do Costal, Camiño dos Muíños, Camiño da Cova, Camiño do Embalse, Camiño das Coutadiñas e Camiño do Campiño.**

Campos, Os

O substantivo campo (do latín CAMPU) a miúdo designa na toponimia un espazo amplo de terreo máis ou menos plana, onde non hai vivendas e que en xeral se pode dedicar ao cultivo.

Na parroquia de Cabeiro distinguimos no Barrio da Igrexa **Os Campos**, fronte ao inicio do Camiño dos Lagos pasando Os Barrás, **Os Campos de Arriba e Os Campos de Abaixo** así nomeados pola diferenza de altitude dos mesmos, situados á dereita do inicio do camiño dos Lagos.

Os Campos Grandes, referenciado no Catastro de Ensenada de 1756 como “O Campo Grande”, tamén cualifica o tamaño das terras, así como o derivado con sufixo diminutivo **O Campiño** que aludiría a un terreo pequeno aínda que neste caso a extensión do lugar é moi ampla.

O Campo de Gaias, Campo de Alves e o Muíño do Campo do Río veñen catalogados polos lugares nos que se atopan, do mesmo xeito, **O Campo Santo**, próximo ao cemiterio.

Canexa, A

Este topónimo é un castelanismo adaptado ao galego que ten forte arraigo na actualidade na zona da Ría de Vigo (por exemplo, en Sárdoma-Vigo temos outro caso).

En todo caso refírese a un camiño moi estreito entre muros altos.

Cangras, As

É posible que este topónimo sexa unha variante de *Cangas*, topónimo que dá nome ao concello da Ría de Vigo, ao que se lle engadiu o sufixo *-ara*. Unha forma análoga é, por exemplo, de *longa-lóngara*. Despois, a vogal postónica desaparece para dar a forma *longra*.

O topónimo *Cangas* procede da forma céltica *CAMBICAS, “curva ou cousa curva”. Polo tanto, seguindo o exemplo anterior, engadíraselle o sufixo para dar **cángaras* e por síncope da vogal postónica daría **As Cangras**.

Carreira, A

A carreira é un substantivo común que determina un camiño, a miúdo estreito. Deriva do substantivo *carro* (CARRU, un celtismo introducido no latín) que daría CARRARIA ou VIA CARRARIA. Mantén a relación con este significado ao se usar inicialmente para referirse a un “camiño apto para carros”.

Na parroquia de Cabeiro atopamos **As Carreiras**, e cualificados por un adxectivo que indica tamaño: **As Carreiras Pequenas** e **A Carreira Grande**. No Catastro de Ensenada de 1756 podemos atopar dúas referencias en singular tanto Carreira como A Carreira.

Castro

O substantivo castro, máis os seus derivados e compostos, é unha forma moi empregada na toponimia galega. Procede do latín *CAS-TRUM* “fortificación, campamento militar”. Nun inicio designaba os campamentos do exército romano, aínda que despois aludiuse con el aos poboados celtas. Polo que a miúdo os topónimos veñen determinados polo asentamento pasado destes pobos. Malia todo, debemos de ter en conta que se trata dun termo moi empregado tamén nos apelidos polo que ás veces resulta complexo discernir a súa orixe.

En Cabeiro atopamos, por un lado como segundo formante do topónimo: **Muíños de Castro** no Penedo e **Cierre de Castro**. Este último contén o castelanismo cierre que no galego normativo actual correspondería “peche”. E, por outro, **Castro Ferreiro** cualificado polo adxectivo ferreiro (do latín *FERRARIUS*, “de ferro”).

Cocho, O

O substantivo cocho máis os seus derivados teñen moita presenza na toponimia galega sur-occidental. Ademais do comunmente coñecido “cocho” como sinónimo de “porco”, tamén garda relación co verbo acochar co significado de “abrigo”. Emporiso, neste caso é probable que designe un anaco de terra con linde a un paso común tal e como na fala oral fan emprego do termo “cocho”.

Na parroquia de Cabeiro atopamos dous lugares nomeados **O Cocho**. Un fronte ao Eido Vello e outro entre Os Mangoeiros de Arriba e A Balada.

O plural **Os Cochos** atópase enriba da Fonte, á dereita do Aceiteiro. O diminutivo plural **Os Cochiños**, fronte As Cachadas. E, finalmente, cualificados por un adxectivo que denota como é o terreo do cocho: **O Cocho Grande** á dereita dos Cochos e **Os Cochos Longos** situado tras O Lugar da Igrexa no Camiño dos Covelos.

No Catastro de Ensenada de 1756 alúdese tanto ao Cocho (singular) coma aos Cochos (plural) ademais de **O Cocho da Fonte** actualmente en desuso.

Costal, O

A *costa* (do latín CŎSTA) refírese a un terreo en pendente ascendente, a miúdo referidos a camiños e vías.

O topónimo O Costal aparece recollido en Cabeiro, no barrio de A Igrexa, e en dous lugares en Porto Cabeiro.

Costeira, A

A **Costeira** (derivada do substantivo *costa*, “terreo en pendente”) recóllese en dúas formas na parroquia de Cabeiro.

A **Costeira**, situada na parroquia de Cabeiro no barrio da Igrexa á esquerda do Camiño da Melixosa e en linde con Os Covelos.

E tamén se recolle en plural, **As Costeiras**, no barrio de Porto Cabeiro. É un adxectivo que indica relación ou pertenza á costa. Neste caso, como se sitúa preto dunha lagoa pode referirse á costa desta.

Por último, cabe destacar **As Costiñas**, un diminutivo de *costa*, que se localiza xunto ao Río Domingos.

Coto Rapado

Este topónimo componse de dúas partes. Por un lado, temos *Coto* (deriva da raíz prerromana *cott-*) designa tanto “unha elevación rochosa do terreo” como a “parte máis alta dun monte que ten forma cónica”. É un microtopónimo moi frecuente en toda Galiza. Pola outra parte temos *Rapado* que, como é obvio, vén informarnos de que está pelado de vexetación.

Coutada, A

O substantivo *coutada* vén do verbo *coutar*, a partir de *couto* (en latín CAUTU, «protexer, defender, coidar»). Un *couto* é un territorio afectado por determinados dereitos de propiedade ou xurisdición. Por tanto, A *Coutada* refírese a parcelas do monte que foron privatizadas e adoitan lindar co monte comunal.

A respecto da formación toponímica atopamos derivados de *couto* con probable alusión ós donos das terras: As *Coutadas da Vella* (enriba do Soutiño polo Camiño do Soldado), As *Coutadas de Landín* (á dereita do Carrascal, formado co apelido Landín moi popular na

provincia de Pontevedra), Coutada de Vilar (situada ao final do lugar da Cova lindando coa parroquia de Vilar de Infesta) e As Coutadas do Crego (fronte A Graña separados polo Camiño do Costal).

E, por outra banda, pola localización dos terreos: Coutadas de Afoira, (inseridas no Carrascal fronte As Coutadas de Landín) As Coutadas do Río, (baixo o Río Daviela), Coutada da Carreira á esquerda da fin do Camiño da Carrasqueira que linda coa estrada PO-321 en dirección Negros pasando o lugar da Cova).

Cova, A

O topónimo **Cova**, máis os seus derivados, proceden do latín CAVA que evolucionou ao latín hispano CŎVA e remiten a unha concavidade orográfica do terreo.

Na parroquia de Cabeiro temos, por unha banda, A Cova no Barrio de Porto Cabeiro localizada entre As Coutadas de Vilar e A Coutadas da Carreira. Alí, ademais, sitúanse os microtopónimos de A Lagoa e Castro Ferreiro.

Por outra, destacamos os seus derivados. **As Coviñas** onde tamén se destacan os microtopónimos de A Lagoa, Lavadoiro e a Casa de Maruja do Canteiro.

Como segundo formante dos topónimos áchase **Camiño das Coviñas**, que inicia en O Costal e remata en As Coviñas, e, finalmente, **Camiño da Cova, A Chan da Cova** en Porto Cabeiro.

Covelos, Os

O substantivo covelo designa un “pequeno lugar cóncavo ou fondo; pequena depresión do terreo”, derivado do adxectivo covo (do latín CAVA, “cóncavo, profundo”). Segundo o Nomenclátor de Galicia son 50 os lugares que conteñen no núcleo do seu topónimo covelo.

Na parroquia de Cabeiro distínguese o topónimo cun morfema flexivo plural, **Os Covelos**, xa asentado dende 1756 conforme indicada o Catastro de Ensenada, e como segundo formante do topónimo **Camiño dos Covelos**, localizado dende o Lugar da Igrexa cara As Laxes onde xusto en fronte se sitúan Os Covelos.

Cuartos, Os

Os Cuartos, situado entre Os Eidos e as Cerdeiras a seguir do Camiño do Campiño, é un topónimo numeral partitivo que na toponimia (así como tamén Terzo, -a e Quinto, -a) alude á terra arrendada pola que se debía pagar un cuarto do que producía.

Esta división parece ser frecuente no reparto das herdanzas durante a Idade Media aínda que algún autores tamén referencian un costume musulmán de repartir as terras conquistadas.

Chan, A

O substantivo chan masculino ou feminino provén do latín PLANUM, PLANAM que no galego occidental deu nun mesmo resultado (chan) pero que no galego oriental se distingue (chan, chá).

Na toponimia galega atopámolo como un xenérico de uso común que ven denotar un terreo ou superficie sen desniveis.

En Cabeiro achamos: **A Chan, A Chan do Gorgullón** que é un topónimo relacionado co termo *gurgullar* (lugar onde nace a auga facendo gurgullas), **A Chan da Cova**, **A Chan do Río**, **A Chan dos Loureiros** e, finalmente, **A Chan de Umberto**. Estes últimos por extensión do significado do nome, fan referencia *ao lugar de*; e no caso de **A Chan de Umberto**, en alusión ao terreo e lugar dun propietario.

Eidos, Os

O substantivo común *eido* está recollido pola Dicionario da Real Academia Galega como “conxunto de terras que circundan unha casa” ou “terreo cultivado que pode estar entre as terras que rodean unha casa ou non”.

Segundo o *Nomenclátor* da Xunta de Galicia son 50 os lugares que teñen no seu topónimo este nome ou derivados do mesmo, a meirande parte deles rexistrados nas Comarcas do Condado, Paradanta e Vigo.

Na parroquia de Cabeiro xa aparece mencionado no Catastro de Ensenada de 1756 “*Os Eidos*” cos morfemas correspondentes de plural e que se localiza entre Os Cuartos e Os Forniños dividido polo Camiño do Campiño.

Tamén, cualificado por un adxectivo, encontramos **O Eido Vello** que se atopa no Camiño dos Quinteiros debaixo da Coutada. Este topónimo no Catastro de Ensenada aparece como “A Eiravella”. E, finalmente, o **Eido do Rei** que linda co Camiño da Igrexa.

Eixido, O

O substantivo común galego *eixido* (de orixe latina, EXITUM, derivado do verbo EXIRE, “saír”) é definitivo polo dicionario da Real Academia Galega coma un “terreo de pouca extensión contiguo á casa, onde polo xeral se cultivan hortalizas”.

Estrada

O substantivo común *estrada* (do latín STRATAM, “camiño pavimentado”), fai referencia actualmente á vía destinada á circulación de vehículos. En Cabeiro referénciase **Estrada a Trasmañó** que neste caso é unha vía con enlace á parroquia de Trasmañó.

Forniños, Os

O *forno* é o establecemento ou lugar onde se coce e vende o pan. Antigamente era un lugar de encontro social da xente do pobo.

O diminutivo **Os Forniños**, xa referenciado dende 1756 no Catastro de Ensenada, está situado entre os Campos Grandes e Os Eidos deslindados polo Camiño da Quiringosta.

Foro, O

Foro (do latín FORUM; praza, mercado, espazo público) é un tipo de contrato, eventualmente, perpetuo, polo que unha persoa ou institución (fidalgúa e/ ou Igrexa) lle cede a outra o uso ou proveito dunha cousa ou ben (xeralmente unha terra), a cambio do cumprimento de diversas condicións previamente estipuladas.

Na parroquia de Cabeiro **O Foro** localízase no barrio da Igrexa fronte a Fonte da Agra, preto da Igrexa de San Xoán de Cabeiro. Xa que logo, é probable que o seu nome veña orixinado pola pertenza do terreo á diocese.

Graña, A

Graña é un substantivo feminino que, segundo o dicionario da Real Academia Galega, fai referencia á unha extensión de monte baixo, sen cultivar.

Por outra parte, a forma *graña*, igual ca de *granxa*, son resultados galegos da forma latina GRANIA, que procede de GRANU (“gran, cereal”). Tanto Granxa como Graña son topónimos moi numerosos en Galiza e case sempre relacionados coa actividade monacal.

Na parroquia de Cabeiro, no barrio da Igrexa enriba das Coviñas separado polo Camiño da Graña encontramos **A Graña**. Pola documentación medieval sabemos que o mosteiro de Santa María de Armenteira (Meis) tiña propiedades aforadas tanto en Cabeiro coma en Trasmañó.

O topónimo aparece rexistrado no Catastro de Ensenada (1756) como “A *Graña*”.

Herbeiral, O

Os substantivos herbeiro ou herbeiral aluden á unha cantidade elevada de produción de herba dun, ou varios, terreos.

Son dous os topónimos que se achán na parroquia de Cabeiro: **O Herbeiral** localizado fronte o terreo do Aceiteiro. E, cualificado por un nome, os **Herbeiros de San Domingos** enriba das Costiñas.

Horta, A

O substantivo común *horta* provén do latín HORTUM. Referencia unha terra próxima á casa onde se cultivan diversos legumes, verduras e hortalizas

En Cabeiro, por unha banda, encóntrase **A Horta** fronte ao Lugar de Romero polo Camiño do Campiño. E, por outra, cun morfema de plural: **As Hortas** situado enriba do lugar da Melixosa polo Camiño da Melixosa fronte A de Fixón.

Laxes, As

De orixe probablemente céltica, incorporouse ao latín como LAGENA. O dicionario da Real Academia Galega recolle *laxe* como “peza

de pedra de cara superior alisada e de pouco grosor con relación á súa superficie”. É un topónimo de uso frecuente na toponimia de Galiza.

No Barrio da Igrexa atopamos o derivado plural: *As Laxes* que se localiza á esquerda do Camiño dos Covelos fronte As Leiras.

En Redondela, ademais, derivou nun apelido con forte presenza onomástica na comarca.

Leiras, As

O substantivo leira é de orixe prerromana, documentada en textos medievais como LAREA e designa “un lugar estreito de regadío”. Segundo o Nomenclátor de Galicia son 25 os lugares, cos seus derivados, denominados como leira.

Na parroquia de Cabeiro recóllese *Leira Longa* como microtopónimo dentro do lugar chamado como Os Mangoeiros de Abaixo. Está formado por un adxectivo cualificativo que referencia a forma alongada do terreo.

No Catastro de Ensenada de 1756 aparece referenciado o lexema plural “As Leiras” sen modificadores.

Mamoa do Rei, A

A **Mamoa do Rei**, podemos atender ao topónimo dividíndoo no núcleo (mamoa) e no complemento do nome (do Rei). Por unha banda, *mámoa* é un substantivo que segundo o dicionario da Real Academia Galega designa un sepulcro prehistórico da época megalítica, formado por un dolmen cuberto por un montículo de terra de planta circular e de arredor de cinco metros de altura.

Por outra, *do rei* usouse para denominar lugares de reguengo (no Antigo Réxime dependían do rei, isto é, que non estaban sometidos a señorío laico ou eclesiástico). Emporiso, tamén podería facer referencia ao apelido dun propietario posto que antigamente *Rei* era empregado para aqueles bautizados dos que se descoñecía o pai como *Dos Santos* ou *De Deus*.

O mesmo acontece co **Pinal do Rei**, ou co **Eido do Rei** ao que xa se aludiu na entrada Eido.

Mangoeiros, Os

A orixe deste topónimo está no derivado de *manga*. Esta palabra procede do latín MANICA, derivado de MANUM (“man”), e que era aplicado a realidades alongadas. Polo tanto, **Os Mangoeiros** refírese a un conxunto de terras alongadas.

No Catastro de Ensenada (1756) atopamos a referencia Mangoeiro sen complementos do nome. Actualmente se reconece Os Mangoeiros de Arriba e Os Mangoeiros de Abaixo.

En Galiza este topónimo aparece rexistrado en concellos coma Avión (Ourense), Outeiro de Rei (Lugo) ou Toques (A Coruña).

Matosa, A

Este topónimo procede do latín MATTA (“arbusto, planta espesa”) canda o sufixo -osa. Referiríase a un lugar cheo de matas. No Catastro de Ensenada (1756) xa aparece recollido como “A Matoeira” e “A Mattosa”.

O topónimo de **A Matosa** atópase no barrio de Porto Cabeiro.

Melixosa, A

Este topónimo procede do substantivo común *meluxe*, que significa “persoa flaca ou de mal aspecto”. É posible que neste caso se refira a un terreo pouco fértil.

No Catastro de 1756 refírese como “A Melijosa”. Obsérvase o uso da grafía medieval <j> empregada para a representación tanto do fonema xordo [ʃ] coma do sonoro [ʒ] que confluíron ambos os dous no xordo [ʃ] e na actual grafía <x>.

Minada, A

Minada é un derivado do xenérico *mina* (palabra de orixe celta MEIN incorporada dende o francés *mine*) que designa un tipo de escavación subterránea pola que se busca algún manancial.

No barrio da Igrexa localízase **A Minada** como microtopónimo das Coutadas do Crego. E, cun morfema de número plural, **As Minadas**.

Millarada, A

Millarada é probable que funcionase como substantivo colectivo de millo das terras destinadas ao cultivo do mesmo. Emporiso, tamén podería facer alusión ao millo que se botaba como forraxe para lle dar ao gando. Esta palabra sería entón derivada da *míllara*, que antigamente significou “terra sementada de millo miúdo”.

O topónimo de **A Millarada** xa se rexistra no Catastro de Ensenada de 1756 como “*A Millarada*” e actualmente sitúase no **Camiño da Millarada** enriba da Costeira.

Muíño

De por parte, o substantivo *muíño* provén do latín MOLINUM. Os muíños son uns aparellos que se empregan (ou empregaban) para moer ou triturar certos produtos coma o millo. Son parte elemental da arquitectura tradicional galega e, polo mesmo motivo, tiveron gran relevancia na vida social da xente porque era un lugar de encontros. Grazas á pegada toponímica, en moitas ocasións onde xa non permanecen os restos da construción, sabemos da existencia dos mesmos.

O único que podemos saber polo Arquivo Histórico Nacional sobre os muíños e a existencia indeterminada xa dende o século XII duns muíños: “Sentencias relativas al pleito seguido por el monasterio de Santa María de Melón y el monasterio de Santa María de Armenteira sobre la posesión de unos molinos en Redondela”.

Na parroquia de Cabeiro atopamos **Muíño do Caseiro**, **Muíño do Campo do Río**, **Muíño do Costal** e **Muíños de Castro**. O primeiro fai referencia a un propietario acumado ou coñecido no pobo como “O Caseiro”; os demais, á proximidade cos lugares dos que parte o xenitivo.

Panascas, As

As Panascas é un derivado plural feminino de panasco que pode facer referencia á herba seca, áspera e dura que pode servir de pasto para o gando. Emporiso, dado que se atopa a carón do monte no Barrio da Igrexa baixo O Carrascal, podería gardar máis relación co lugar do monte onde nace a herba de xeito natural.

Patelo, O

O máis probable é que **O Patelo** veña derivado do adxectivo patelo que denota unha cousa plana, neste caso en referencia ao terreo. Está situado nos terreos que lindan co **Camiño do Patelo**.

Pedra, A / Penedo, O

O substantivo *pedra* é un xenérico de uso común na toponimia e microtoponimia galega. No primeiro caso cun significado máis xenérico facendo alusión a un lugar no que hai ou houbo pedras identificamos: **O Penedo** situado fronte As Coutadiñas polo camiño de Cabeiro e **A Pedra** fronte O Foro.

No segundo caso sería empregado para o chamamento dunha pedra individualizada como sinónimo de *pena* ou *penedo*. En Cabeiro atópanse pola ampla extensión do terreo que abarca á esquerda das Coutadas da Vella, Soutiño e O Costal: **Pedra do Couto, As Pedras da Barrela, A Pedra Negra, As pedras dos Picos, Pedras das Verrugas e Pedra das Peñice**.

Queimado

A forma *queimado* é o participio do verbo queimar. É moi posible que se trate dun topónimo recente, pois non aparece na documentación do Catastro de Ensenada (1756) nin adoita ser un topónimo habitual en Galiza. A información é transparente: un terreo que ardeu ou que lle plantaron lume.

Rabelo, O

Na parroquia de Cabeiro atopamos **O Rabelo** xa rexistrado dende 1756 no Catastro de Ensenada.

Con este topónimo, formado polo substantivo *rabo* e o sufixo *-elo* (por tanto, “un rabo pequeno”), désignase un terreo ou propiedade que ten esta forma.

Veiga, A

Veiga é un substantivo de orixe prerromana compartida tamén polo portugués e español (*vega*) de significado orixinariamente hi-

dronímico, que designaban aquelas terras cultivadas situadas a carón dun curso de auga. Segundo o Nomenclátor de Galiza son 180 os lugares que teñen no seu núcleo *veiga* ou os seus derivados.

En Cabeiro distínguese **A Veiga de Abaixo**, entre A Coutada e O Campo de Abaixo dende o Camiño dos Quinteiros, e **A Veiga de Arriba**.

O topónimo **As Longas**, situado fronte As Carreiras, fai alusión á forma alongada do terreo que presenta elidido un substantivo como “veiga”, “leira”, “terra” e que forman un conxunto de terras alongadas. Dado que no Catastro de Ensenada de 1756 xa aparece unha referencia a “Veiga Longa” é probable que o lexema elidido sexa este substantivo e non outro.

Viragaia, A

Trátase dun topónimo composto situado no barrio de Porto Cabeiro.

Por unha parte temos *vira-* que seguramente se trate dunha alteración fonética común de *mira-*, do verbo mirar. A outra parte, *gaia*, significa “alegre”. Polo tanto, este topónimo vén dicirnos que estamos ante unha Vista Alegre.

Xeral, A

É un topónimo de creación recente. Refírese ao paso da estrada nacional 555 que atravesa a parroquia de Cabeiro.

Hidrónimos

Canos, Os

O substantivo *cano* do latín CANNU designa unha condución da auga. Neste caso o topónimo indícanos que se trata dun conxunto deles.

Fonte, A

O substantivo común fonte (do latín, FONTEM) é moi frecuente na toponimia galega. Na parroquia de Cabeiro temos as seguintes todos modificados polo lugar no que se sitúan: **A Fonte da Agra, A Fonte da Melixosa e Fonte do Galo.**

No Catastro de Ensenada de 1756 aparece a súa referencia sen complementos do nome A Fonte.

Lagoa, A

A lagoa é o resultado do latín LACUNA con moita presenza na toponimia galega. En Cabeiro atopamos: como microtopónimo das Coviñas, ademais do Campiño: **A Lagoa**. Cualificado por un adxectivo **A Lagoa Pequena, A Lagoa Grande** e cualificado por un complemento do nome **As Lagoas do Pereiro** todas localizadas derredor do **Rego Fondón.**

Os Lagos, tamén coñecido como **A Devesa dos Lagos**, está situado á fin do río **Lagares** e o seu topónimo recóllese no Catastro de Ensenada (1756).

Poza

Pozo (do latín PUTEUM) ou en feminino poza, designa un lugar cóncavo cheo de auga. Son moitos os lugares na parroquia de Cabeiro que teñen o substantivo pozo, poza como lexema principal e/ou parte do topónimo: **Mina da Poza da Agra**, **Poza de San Domingos**, **Poza da Carreira Grande**, **A Poza da Melixiosa**, **Poza dos Cambeiros**, **A Poza do Loguiño**, **Pozo de Arriba**, **Poza do Ollomol** e **Os Pociños**

Ríos

Os topónimos que fan referencia ás augas denomínanse hidrónimos e entre eles destaca a abundante presenza do substantivo río (do latín RIVU) que asemade adoita constituír compostos.

No barrio da Igrexa podemos distinguir o substantivo cualificado por un nome ou por un complemento do nome: **Río San Domingos** (na fala oral tamén con gheada: **Dominicos**), **Río de Negros**, **Río Güelas** e **Río de Viela**.

Así mesmo, pode aparecer *río* como segundo elemento. No barrio de Porto Cabeiro: **Fondo do Río** tamén chamado Tesouro, **As Coutadas do Río** e **A Chan do Río**. No barrio da Igrexa: **Muíño do Campo do Río**.

A levada é un sistema de condución da auga moi típico en Galiza. Trátase dunha canle que desviaría o curso do río ou do regueiro para conducilo cara a un muíño ou a unha finca.

No caso de Cabeiro parece que o desvío se dirixía a un muíño ao cal se alude no antigo Catastro do *Río Fixón*.

Botánicos e zoolóxicos

Acacias, As

A *acacia* é unha árbore ou arbusto pertencente á extensa familia das mimosáceas. O substantivo provén do grego *άκακία* e debe o seu nome ás espinas que ten algunhas das súas 1.200 especies, *akis*, *akidos* que significa punta, aguillón.

Rexístrase en Cabeiro **As Acacias** un microtopónimo do lugar das Grañas.

Canuche, A

É posible que este topónimo sexa un derivado do substantivo cana, do latín CANNAM.

Carrasqueira, A

A **Carrasqueira** está situado no barrio de Porto Cabeiro fronte ao Fondón do Eido, O substantivo *carrasqueiro* é unha forma derivada de *carrasco* que referencia un nome xenérico de diferentes especies da familia das ericáceas coma son, por exemplo, as arandeiras.

É posible que a orixe da palabra *carrasco* se remonte a unha raíz preindoeuropea KARR-, conformando unha das palabras máis antigas en lingua galega.

Castañal, O

Castañal é un substantivo derivado do nome castaña que ten orixe no latín CASTANEAM e que, mediante o sufixo colectivo -al (do latín -ALE), forma castañal para designar un lugar poboado de castiñeiros, tamén coñecido como souto.

Na parroquia de Cabeiro temos O Castañal fronte ao Río Negros e o correspondente diminutivo Castañalciño como microtopónimo de Fonte.

Cerdeiras, As

O substantivo *cereixa* refírese ao froito da cerdeira, de forma arredondada, con carabuña, aproximadamente de dous centímetros de diámetro e de cor vermella, que está unido á árbore por un rabo delgado e longo.

No barrio da Igrexa dispoñemos do lexema con morfema plural **As Cerdeiras** que aluden ao conxunto de parcelas situadas fronte As Longas separadas polo Camiño do Campiño.

Este topónimo aparece referenciado xa no Catastro de Ensenada de 1756 en plural “*As Cerdeiras*”.

Cernadas, As

A forma cernadas procede do latín CINERATAS, á súa vez derivada de CINIS (“cinsa”). Como topónimo ten bastante presenza e distribución en todo o territorio galego. En todos os casos refírese aos terreos que foron incinerados ou nos cales se queimou restos tras cavar un monte para gañar unha terra.

No caso da parroquia de Cabeiro atópase situado no barrio de Porto Cabeiro.

Fenteiras, As

As Fenteiras trátase dun colectivo regularizado (non estándar) sobre o nome *fento* do latín FILICTU “mata de fentos”, de onde xorden

as variantes galegas *fento*, *feito* e *feito*. O colectivo máis estendido vén do latín FILICARIA que orixina **Filgueira**, tamén moi empregado na toponimia galega que adoito remiten á vexetación orixinaria destes lugares.

Na parroquia de Cabeiro, no Barrio da Igrexa atopamos unicamente o colectivo plural **As Fenteiras** e **Camiño das Fenteiras**.

Naranxeiro, O

O laranxeiro é a **árbore da froita** *Citrus aurantium*. O nome de laranxa (no galego normativo) procede do árabe naranga.

A forma habitual en galego deu laranxeira pero tamén se recolle o uso en masculino laranxeiro e coa variante en [n], como no caso do topónimo de Cabeiro. Non cremos que a variante se deba un castellanismo

O **Naranxeiro** denomínase a unha parcela na parroquia de Cabeiro entre As Pombas e A Melixosa.

Pegas, As

O máis seguro é que este topónimo faga referencia ao paxaro de igual nome, pega (do latín PICAM). A partir deste nome tamén se usou como alcume e que, nalgúns casos, derivou nun topónimo (O Pego, A Pega).

Pereiras, As

En Cabeiro atopamos o topónimo **A Pereira** e o seu plural **As Pereiras**, este último rexistrado no Catastro de Ensenada de 1756 como “As Pereiras”. O primeiro sitúase entre A Chan e o Campiño. O segundo, sobre os Campos de Arriba separado polo Camiño das Pereiras.

Cabe destacar que na fala oral tamén se desenvolve a pronuncia preira. Este fenómeno trátase dunha crase formada pola síncope da vogal pretónica “e” (fenómeno como **A Cruña** fronte **A Coruña**).

En todo caso convén ter en conta que estamos ante unha palabra homónima: palabras que se escriben iguais pero teñen distinto significado e etimoloxía. Neste caso, tanto pode aludir á árbore froiteira

pera (do latín PIRA), como tamén un lugar cuberto de pedras (do latín PETRA). Ambos os dous lexemas pera e pedra nas palabras derivadas evolucionaron ao galego como pereira, o aínda que tamén se emprega e se recolle para pedra o derivado pedreira, pedreiro.

Pumar, O

O substantivo pumar (resultado da pechazón de pomar, que é o termo aceptado pola Real Academia Galega) vén do latín tardío POMAR, variante de POMALE (“verxel”).

Os topónimos que inclúen este nome adoito servían para designar lugares nos que había maceiras ou de xeito xenérico, árbores froiteiras. Neste caso **O Pumar** xa se rexistra no Catastro de Ensenada de 1756 co mesmo nome.

Souto, O

O souto é o substantivo co que comunmente se coñece ao bosque dos castiñeiros. Así e todo, a súa orixe está no latín SALTU referido a un bosque mixto. Este topónimo xa se rexistra dende o Catastro de Ensenada de 1756.

Na parroquia de Cabeiro achamos **O Souto**, enriba do Pumar fronte A Melixosa separados polo Camiño da Melixosa, e **O Soutiño** (un diminutivo do termo souto) sobre O Costal deslindados polo Camiño do Soutiño.

Xestal, O

Xestal é un substantivo colectivo derivado de xesta (do latín GENISTA) ao que se lle engade o sufixo de abundancia -ALE. Designa un conxunto de arbustos leguminosos do xénero Sarothamnus moi comúns en Galicia.

Na parroquia de Cabeiro no barrio da Igrexa, atopamos o topónimo **O Xestal**, á fin do Camiño da Melixosa en chegando á parroquia de Negros. Na parroquia de Cabeiro forma parte do territorio da Millarada e conforma dúas parcelas estreitas e alongadas ao carón do Camiño da Millarada.

De propietarios (antropónimos)

A de, do

Os topónimos que se compoñen de a de (artigo + prep), a do (artigo + contracción de preposición + artigo) fan mención ós propietarios das parcelas.

Na parroquia de Cabeiro atopamos **A do Cabirta** fronte os Cambeiros. Cunha probable metátese de -r- (cambio do fonema vibrante /r/ no posto da palabra) a referencia inicial sería o alcume “Cabrita”. **A de Güelas, A de Fixón, A de Nieves do Gaio, A de Fermina** ou **A de Marcos**.

Aceiteiro, O

O substantivo aceiteiro fai referencia ao aceite ou á persoa que se dedica á fabricación ou venda do mesmo. É posible que este topónimo faga referencia ao alcume dun propietario que facía ou vendía aceite.

Por outra parte non podemos descartar que se trata dunha alteración de asenteiro, referido ao conxunto de plantas chamadas asentes. En Valadares (Vigo) tamén se rexistra esta forma Os Aceiteiros.

Barrás, Os / Barreiros, Os

No barrio da Igrexa na parroquia de Cabeiro atopamos dúas localizacións nomeadas como **Os Barrás** e **Os Barreiros** ambas as dúas mencionadas no Catastro de Ensenada de 1756 como “*As Barras*” en feminino e sen til de acentuación e “*O Barreiro*”. Son nomes derivados do lexema de orixe celta *barro*. Este substantivo designa aquel material arxiloso que se pode moldear e utilizar, mesturado con auga, para facer unha masa que serve para fabricar obxectos ou como cemento.

Estes nomes mediante os sufixos -al e -eiro, formaron os topónimos **Os Barrás** e **Os Barreiros** que debido a que non se rexistra terreo arxiloso, o máis probable é que foran antropónimos (alcumes da profesión ou apelidos) que deron en nomear as actuais localizacións.

Cambeiros, Os

Cambeiro, -a é un adxectivo que fai referencia ás pernas tortas e/ou arqueadas dunha persoa. Dado que na parroquia de Cabeiro achamos **Os Cambeiros** en relación a unhas vivendas, é probable que se tratase do alcume co que se referían aos propietarios das mesmas.

Casa de

O substantivo *casa* é un lugar destinado á vivenda moi habitual na microtoponimia como referencia ao domicilio de propietarios coñecidos. En Cabeiro destacamos a **Casa da Mestra**, **Casa dos Pobres**, **Casa Emilio**, **Casa Maruja do Canteiro** ou mesmo tamén a **Casa Flecha** todas formadas despois do século XVIII.

Chavina, A

Todo nos fai pensar que se trata dun topónimo formado a partir do apelido *Chavín*. Este, á súa vez, tamén se conformou como topónimo (en Viveiro, por exemplo) e que derivaría do xenitivo do nome persoal latino Flavinus.

Lugar de Romero

O substantivo *lugar* remite entre outras acepcións a unha porción de espazo determinado ou referido a un núcleo de poboación. Neste caso ten o significado semellante a *A de* ou *Casa de* como referencia ao espazo en propiedade dun dono, malia que a diferenza das anteriores popularmente adoita ter a especificación de ser ou unha ampla extensión ou conter un anaco rural.

Peitieiros, Os

A orixe deste topónimo está relacionado co oficio dos habitantes deste lugar: elaborar peites para tear. Outro exemplo deste topónimo atopámolo como nome dunha parroquia de Gondomar.

No Catastro de Ensenada de 1756 atopamos a referencia “de Peiteados”, actualmente inexistente como tal pero que sen dúbida fai referencia ao lugar de Os Peitieiros.

Outros

Casarella, A

En Cabeiro noméase o lugar situado entre As Cachadas e As Costiñas como **A Casarella**

Trátase dun substantivo con morfema plural formado por un lexema (*casa*) e un sufixo derivativo pexorativo (*-ello, -ella*) que ven designar unha casa pequena, vella ou moi deteriorada. A súa orixe podería estar relacionada co diminutivo latino CASARICULA.

Cemiterio, O

O substantivo *cemiterio* provén do latín tardío COEMETERIUM que asemade parte dun préstamo grego bizantino ‘koimeterion’ -κοιμητήριον- (vinculado a unha raíz indoeuropea *KEI- emparentada con acostarse, cama, botar raíces). No latín vulgar simplificou a CEMETERIU que orixinou no medieval CIMETERIUM e que orixina na actualidade “cemiterio”. No español, foi a través dos séculos como se colou unha grafía <n> antes do fonema dental [t] que orixinou a crenza dunha orixe etimolóxica latina do termo CAEMENTA (pedra quebrada) do que actualmente temos o termo *cemento* pola suposta utilización deste material para pechar as tumbas.

Malia que na actualidade se empregue esta argamasa, non era así nos orixes gregos posto que se enterraban os seres queridos nas casas.

Finalmente, cabe destacar que non se rexistra no Catastro de Ensenada o topónimo *Cemiterio* na parroquia de Cabeiro porque até a chegada de Napoleón non se construíron estes espazos dedicados ao fin do descanso eterno.

Corte, A

Na parroquia de Cabeiro atopamos **A Corte das Bestas**. Segundo define o dicionario da Real Academia Galega, por unha banda distinguimos a *corte*, un lugar onde se garda o gando, cuberto e cerrado que forma unha construción á parte ou está no interior doutra. Emporiso, tamén pode aludir a acción e efecto de cortar ou cortarse. Por outra banda, a *besta* pode ser calquera animal distinto ao home ou mesmo tamén un animal salvaxe.

Xa que logo, este topónimo podería referenciar un lugar no que se gardaban os animais. Ou mesmo tamén, un lugar destinado á rapa dos animais salvaxes máis coñecido como “Rapa das Bestas” actualmente convertidas en festas populares.

Cruceiro, O

Os substantivos *cruz* e *cruceiro* están moi presentes na toponimia galega, segundo o nomenclátor de Galicia son derredor de 140 entidades de poboacións referidas como *cruz*, *cruces* e outras tantas como o seu derivado *cruceiro*. En moitos casos non é sinxelo discernir se no lugar houbo unha cruz de pedra, ou outro material, ou se se refería a unha encrucillada viaria, hoxe ameazado polo castelanismismo *cruce*. Na parroquia de Cabeiro atopamos **O Cruceiro**.

Igrexa, A

O significado do substantivo é transparente e moi concorrido na toponimia galega. Deriva da palabra latina ECCLESIA e son derredor de 500 segundo o Nomenclátor de Galicia os lugares que posúen este topónimo. Na parroquia de Cabeiro atopamos a **Igrexa de Cabeiro**, e relacionados con el tanto o *Lugar da Igrexa como o Barrio*

da Igrexa. No Catastro de Ensenada referénciase como A Iglesia con grafía <s>.

Este termo designou nun principio as asembleas de cidadáns gregos reunidos para legislar e tomar acordos, pero posteriormente pasou a se referir ás xuntanzas dos primeiros cristiáns que celebraban o culto en comunidade. Finalmente deulle o nome ao edificio que acollía as celebracións litúrxicas.

Índice

- Balada, A: p. 7.
- Bragas, As: p. 7.
- Cachadas, As: p. 7.
- Camíños: p. 8.
- Campos, Os: p. 8.
- Canexa, A: p. 9.
- Cangras, As: p. 9.
- Carreira, A: p. 9.
- Castro: p. 10.
- Cocho, O: p. 10.
- Costal, O: p. 11.
- Costeira, A: p. 11.
- Coto Rapado: p. 11.
- Coutada, A: p. 11.
- Cova, A: p. 12.
- Covelos, Os: p. 12.
- Cuartos, Os: p. 13.
- Chan, A: p. 13.
- Eidos, Os: p. 13.
- Eixido, O: p. 14.

Estrada: p. 14.
Forniños, Os: p. 14.
Foro, O: p. 14.
Graña, A: p. 15.
Herbeiral, O: p. 15.
Horta, A: p. 15.
Laxes, As: p. 15.
Leiras, As: p. 16.
Mamoá do Rei, A: p. 16.
Mangoeiros, Os : p. 17.
Matosa, A: p. 17.
Melixosa, A: p. 17.
Minada, A: p. 17.
Millarada, A: p. 18.
Muíño: p. 18.
Panascas, As: p. 18.
Patelo, O: p. 19.
Pedra, A / Penedo, O: p. 19.
Queimado: p. 19.
Rabelo, O: p. 19.
Veiga, A: p. 19.
Viragaia, A: p. 20.
Xeral, A: p. 20.
Canos, Os: p. 21.
Fonte, A: p. 21.
Lagoa, A: p. 21.
Poza: p. 22.
Ríos: p. 22.
Acacias, As: p. 23.
Canuche, A: p. 23.
Carrasqueira, A: p. 23.
Castañal, O: p. 24.
Cerdeiras, As: p. 24.
Cernadas, As: p. 24.
Fenteiras, As: p. 24.
Naranxeiro, O: p. 25.

Pegas, As: p. 25.
Pereiras, As: p. 25.
Pumar, O: p. 26.
Souto, O: p. 26.
Xestal, O: p. 26.
A de, do: p. 27.
Aceiteiro, O: p. 27.
Barrás, Os / Barreiros, Os: p. 28.
Cambeiros, Os: p. 28.
Casa de: p. 28.
Chavina, A: p. 28.
Lugar de Romero: p. 29.
Peitieiros, Os: p. 29.
Casarella, A: p. 31.
Cemiterio, O: p. 31.
Corte, A: p. 32.
Cruceiro, O: p. 32.
Igrexa, A: p. 32.



CONCELLO DE
REDONDELA